AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

1. A agricultura de _____ é a que só recibe auga da chuvia, como por exemplo a vide.

2. En España o arroz, as hortalizas e a maioría das froitas pertencen á agricultura de _____.

3. O gando _____ é o máis importante en España.

4. A pesca de marisco nas nosas rías forma parte da pesca de _____.

5. En España destacan dous tipos de explotacións mineiras: as minas subterráneas e as _____, esta última realizase a ceo aberto.

6. As fontes de enerxía _____, como a eólica ou a solar, son fontes inesgotables e apenas contaminan.

7. As industrias de _____ son aquelas que producen as ferramentas e maquinaria para outras industrias.

8. As industrias que transforman as materias primas en produtos elaborados para outras industrias, como a siderurxia ou a química, son industrias de _____.

9. Dentro do sector terciario en España destacan o comercio, o transporte e o _____.

10. A _____ é a compra de produtos e bens doutro país.

11. En España existen 4 tipos fundamentais de turismo: de Praia, cultural, de montaña e turismo _____.

12. Unha das actividades do sector primario que ten moita importancia en Galicia é a _____, que se dedica á produción de pasta de papel e mobles.

13. A industria papeleira ,como Ence en Pontevedra, pertence á industria de _____.

14. Unha visita a Santiago de Compostela a ver a Catedral, é un tipo de turismo _____.

15. A maioría da poboación en Galicia traballa no sector _____, mentres que o sector _____ ocupa a un 6% da poboación.

LIVEWORKSHEETS